

DESCRIPCIÓN

Nos casos de traspaso dun establecemento é preciso comunicar ao Concello o cambio de titular da actividade, que da lugar á transferencia de responsabilidades do anterior ao novo. O establecemento pode estar situado en calquera punto do termo municipal e dedicado a calquera tipo de actividade que fora previamente autorizada, declarada ou comunicada.

Se a actividade non conta con licenza, ou non foi previamente declarada ou comunicada ao Concello, así como cando co traspaso do negocio se modifica a actividade ou se levan a cabo obras no establecemento, deberanse presentar as comunicacións ou solicitudes de licenza que sexan preceptivas.

DOCUMENTACIÓN

1. Fotocopia do título que lexitime a ocupación do local ou establecemento (escritura de propiedade, contrato de aluguer etc.).
2. Fotocopia da póliza de seguro de responsabilidade civil (só cando sexa obrigatorio, como é o caso das actividades incluídas no Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas).

Debe vostede identificar a actividade do establecemento polo epígrafe do IAE e coa denominación que ten na normativa deste imposto e, se é o caso, nos anexos do Decreto 133/2008 e no Catálogo de espectáculos e actividades recreativas.

Antes de presentar esta comunicación, deberá aboar os tributos municipais (LAPE). No impreso debe figurar o núm. de recibo do pagamento presencial (NR/referencia) ou o núm. de expediente do pagamento vía web.

Para máis información pode vostede contactar co Negociado de Aperturas do Servizo de Licenzas e Disciplina Urbanística:

Praza do Obradoiro, 1. Pazo de Raxoi, 2º andar.

Teléfono: 981 542 420

Correo: informacionurbanismo@santiagodecompostela.org